



M.R./m.a.

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, secretario do Concello de Vilaboa (Pontevedra)

C E R T I F I C O

Que, segundo consta na acta correspondente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 26 de maio de 2009, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

3. CONTRATACIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS.

3.1. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL “REASFALTADO DAS PISTAS DO CENTRO DE ACUÑA”

Proposta da Alcaldía

“Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 28/4/2009 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de “REASFALTADO DAS PISTAS DO CENTRO DE ACUÑA” por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data de 26/5/2009 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación e o informe técnico incorporado ao efecto, realizou proposta de adxudicación a favor de D. José Angel Otero Cordeiro.

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

PROPOÑO:

PRIMEIRO. Declarar válido o acto de licitación.

SEGUNDO. Adxudicar provisionalmente o contrato de obra de “REASFALTADO DAS PISTAS DO CENTRO DE ACUÑA”, por importe de 60.150,00€ (51.853,45 € de execución por contrata e 8.296,55 € en concepto de IVE) e un prazo de execución de UN MES á “D. José Angel Otero Cordeiro”, co DNI 43646067-W, de acordo co proxecto; co prego de cláusulas administrativas e demais condicións establecidas na súa oferta.

TERCEIRO. Notificar e requirir a “D. José Angel Otero Cordeiro”, adxudicatario provisional do contrato para que constituía, dentro quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante do Concello de Vilaboa, a garantía definitiva do contrato que ascende a 2592,67 €.

O adxudicatario deberá aportar, ademais, a alta no IAE provincial ou municipal (Concello de Vilaboa) ou ben certificado expedido polo Ministerio de Economía e Facenda conforme se atopa exento do pagamento do devandito imposto.

CARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no perfil de contratante do Concello de Vilaboa e no Boletín Oficial da Provincia.

RECURSOS: Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo o artigo 107.1 da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBRL 7/1985, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre un mes sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a proposta da Alcaldía anterior.

E para que conste expido esta certificación, co visto e prace do alcalde José Luis Poceiro Martínez e coa advertencia do artigo 206 del Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vilaboa a vinte e nove de maio de dous mil nove.

O secretario

Visto e prace
O alcalde